

**Proposta de adxudicación relativa á contratación administrativa para a prestación do servizo de prevención alleo do Parlamento de Galicia.**

I. O 21 de xullo de 2015, a Mesa do Parlamento de Galicia acordou iniciar o procedemento e aprobar os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas da contratación administrativa para a prestación do servizo de prevención alleo, mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria e por un valor estimado de 528.069,48 €.

Os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas foron publicados no BOPG núm. 498, de 23 de xullo de 2015. O anuncio de licitación foi publicado no Diario Oficial de Galicia nº 153, de 13 de agosto de 2015.

II. Rematado o prazo constatouse a presentación das seguintes proposicións:

- Mugatra Sociedad de Prevención, S.L.U.
- Universal Prevención y Salud, sociedad de prevención, S.L.U.
- Clínica Gaiás (Gerosalud, S.L.)

A Mesa de contratación procedeu ao estudo da documentación presentada polas empresas nos sobres "A", resultando que foron admitidas a participar na contratación todas as empresas licitadoras concorrentes.

III. En sesión pública celebrada o 14 de setembro se comunicou o acordo da Mesa de contratación sobre a admisión das ofertas presentadas e procedeuse á apertura dos sobres "B" das empresas concorrentes, que foron trasladados ao Servizo de Réxime Interior para a súa valoración e puntuación.

En sesión pública celebrada o 13 de outubro a Mesa de contratación comunicou a puntuación obtida polas empresas segundo a avaliación dos criterios sometidos a xuízos de valor, que foi a seguinte:

Aspecto a valorar	Mugatra Sociedad de Prevención, S.L.U.	Gerosalud, S.L.	Universal Prevención y Salud, sociedad de prevención, S.L.U.
<b>Valor técnico da oferta</b>			
Medios, procedementos e protocolos de actuación	11	4	13
Calidade profesional do equipo de traballo	3	0	10
Plan de formación anual	0,5	2	1
Programa anual de actividades	2	1	2
<b>Melloras</b>			
Probas e protocolos de actuación no caso de necesidade de realización de novas probas e/ou complementarias.	6	7	14
Aplicacións informáticas on-line	3	3	3
<b>Total puntuación</b>	<b>25,5</b>	<b>17</b>	<b>43</b>

Posteriormente procedeuse á apertura dos sobres C. As ofertas presentadas polas empresas licitadoras foron as seguintes:

Mugatra Sociedad de Prevención, S.L.U.:

- Prezo do contrato, (sen IVE): 107.200,00 €
- Prezo/hora do servizo de rehabilitación, (sen IVE): 14,00 €
- Melloras:
  - Probas de esforzo.
  - Control e seguimento de colesteroemia.
  - Test detección sangue oculta en feces.
  - Test alento.
  - Test estreptococo.

Universal Prevención y Salud, sociedad de prevención, S.L.U.

- Prezo do contrato, (sen IVE): 117.111,00 €
- Prezo/hora do servizo de rehabilitación, (sen IVE): 8,50 €
- Melloras:
  - Estudio cardiovascular personalizado.
  - Probas de esforzo.
  - Control e seguimento de colesteroemia.
  - Test detección sangue oculta en feces.
  - Test alento.
  - Test estreptococo.

Gerosalud, S.L.

- Prezo do contrato, (sen IVE): 119.800,00 €
- Prezo/hora do servizo de rehabilitación, (sen IVE): 13,80 €
- Melloras:
  - Estudio cardiovascular personalizado.
  - Probas de esforzo.
  - Control e seguimento de colesteroemia.
  - Test detección sangue oculta en feces.
  - Test alento.
  - Test estreptococo.

A Mesa de contratación comprobou que, ao abeiro do prego de cláusulas administrativas, non existían ofertas con baixas anormais, polo que procedeu ao cálculo da puntuación obtida polas empresas en base aos criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas que, sumadas ás obtidas segundo os criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor, determinou a atribución da seguinte puntuación total.

EMPRESA	Criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor			Criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor	PUNTUACIÓN TOTAL
	Prezo contrato	Prezo do servizo de rehabilitación	Melloras		
Mugatra Sociedad de Prevención, S.L.U.	38,00	0,13	10,00	25,50	<b>73,63</b>
Universal Prevención y Salud, sociedad de prevención, S.L.U.	22,82	0,87	12,00	43,00	<b>78,69</b>
Gerosalud, S.L.	18,71	0,16	12,00	17,00	<b>47,87</b>

IV. Á vista das puntuacións obtidas a Mesa do Parlamento, logo da proposta de Mesa de Contratación, e previa fiscalización da Intervención Xeral da Cámara, acordou clasificar as empresas concorrentes na seguinte orde:

- 1º Universal Prevención y Salud, sociedad de prevención, S.L.U.
- 2º Mugatra Sociedad de Prevención, S.L.U.
- 3º Gerosalud, S.L.

Polo tanto, acordou requirirlle a Universal Prevención y Salud, sociedad de prevención, S.L.U., que presentara, no prazo de dez días hábiles a contar desde o seguinte á recepción do requirimento, a documentación esixida no apartado 7 da cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas para proceder, de ser o caso, á adxudicación do contrato. Dito Acordo foi notificado electrónicamente e recibido pola empresa o 27 de outubro de 2015.

V. O 4 de novembro Universal Prevención y Salud, sociedad de prevención, S.L.U. presentou no Rexistro da Cámara a documentación requirida (registro nº 43324), incluíndo constitución de garantía definitiva mediante o aval nº 9340.03.1876609-68 de Caixabank, S.A.por importe de 12.330,94 €, e o pagamento do anuncio de licitación.

En consecuencia, cumpridos os trámites legais e regulamentarios, proponse á Mesa do Parlamento a adopción do seguinte Acordo:

- *Adxudicar o contrato administrativo para a prestación do servizo de prevención alleo á empresa Universal Prevención y Salud, sociedad de prevención, S.L.U., polos seguintes importes:*

- *Prezo do contrato, (sen IVE): ..... 117.111,00 €*
- *21 % IVE: ..... 24.593,31 €.*
- *Total prezo anual:..... 141.704,31 €.*
- *Prezo/hora do servizo de rehabilitación (non ten IVE): ..... 8,50 €.*

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2015.

Vº e prace  
Xosé Antón Sarmiento Méndez  
Letrado Oficial Maior

  
Santiago González Serrano  
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior

Mesa do Parlamento de Galicia